

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

18401 *Real decreto 1698/2011, do 18 de novembro, polo que se regulan o réxime xurídico e o procedemento xeral para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguridade Social.*

O artigo 161 bis.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, incorporado pola Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de seguridade social, prevé que a idade mínima de 65 anos exixida para ter dereito á pensión de xubilación no réxime xeral da Seguridade Social poderá ser rebaixada por real decreto, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, naqueles grupos ou actividades profesionais, nas escalas, categorías ou especialidades cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre e acusen elevados índices de morbilidade ou mortalidade, sempre que os traballadores afectados acrediten na respectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se estableza.

Por outra parte, por medio da disposición adicional segunda da citada Lei 40/2007, do 4 de decembro, incorpórase unha nova disposición adicional, a cuadraxésimo quinta, no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, a través da cal se dá soporte normativo ao compromiso asumido ao respecto no Acordo sobre medidas en materia de seguridade social, subscrito o 13 de xullo de 2006 polo Goberno e os interlocutores sociais. Na dita disposición, e para os efectos do indicado no referido artigo 161 bis.1, determínase que se establecerá regulamentariamente o procedemento xeral que se debe observar para rebaixar a idade de xubilación.

Así mesmo, a Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de seguridade social, determina, na súa disposición adicional vixésimo terceira, en vigor desde o 2 de agosto de 2011, data de publicación da lei no «Boletín Oficial del Estado», que o Goberno aprobará as normas necesarias sobre o procedemento xeral de aprobación de coeficientes redutores da idade de xubilación nos distintos sectores e ámbitos de traballo.

Este procedemento exige a realización previa de estudos sobre sinistralidade no sector, penosidade, na cal se terán en conta para estes efectos as quendas, o traballo nocturno e o sometemento a ritmos de produción, a perigosidade e toxicidade das condicións do traballo, a súa incidencia nos procesos de incapacidade laboral que xera nos traballadores e os requirimentos físicos exixidos para o desenvolvemento da actividade.

Ademais, o establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación, que só procederá cando non sexa posible a modificación das condicións de traballo, levará consigo os axustes necesarios na cotización para garantir o equilibrio financeiro. Por tal motivo, poderanse aplicar diferentes coeficientes redutores da idade e recargas variables na cotización, en función das condicións de traballo en cada actividade.

En consecuencia, a lei decántase por un procedemento regulado e, así mesmo, a implantación de novos coeficientes terá carácter substitutivo, pois ante todo primará a saúde dos traballadores, impoñendo unha modificación das condicións en que executan o seu traballo.

Por outra parte, a nova redacción dada polo artigo 9 da Lei 40/2007, do 4 de decembro, á disposición adicional oitava, número 1, en relación coa nova disposición adicional cuadraxésimo quinta, ambas as dúas da Lei xeral da seguridade social, establece a posibilidade de aplicar os coeficientes redutores da idade de xubilación a todos os réximes, ben que será necesario esperar ao correspondente desenvolvemento e procedemento xeral regulamentario.

Finalmente, o artigo 26.4 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, tamén dispón que, en atención á natureza tóxica, perigosa ou penosa da actividade exercida, e nos termos que regulamentariamente se establezan, os traballadores autónomos afectados que reúnan as condicións establecidas para causar dereito á pensión de xubilación, con excepción da relativa á idade, poderán acceder á xubilación anticipada, nos mesmos supostos e colectivos para os cales estea establecido o dito dereito respecto dos traballadores por conta allea.

Por todo iso, cando dos estudos levados a cabo nun colectivo ou sector laboral se desprenda que, ou ben existen excepcionais índices de penosidade, toxicidade, perigosidade ou insalubridade e, así mesmo, acusen elevados índices de morbilidade ou mortalidade no desenvolvemento da súa actividade, ou ben que os requirimentos psicofísicos que se exixen para o ingreso no colectivo e o desenvolvemento da actividade non se poden facer a partir dunhas determinadas idades, aínda no suposto en que o desenvolvemento desta non comporte un incremento do índice de sinistralidade, entenderanse cumpridos os requirimentos exixidos na lexislación, respectivamente, para a redución da idade de acceso á xubilación, como consecuencia da realización de traballos considerados de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre, ou para a anticipación da idade como consecuencia de actividades nas escalas, categorías ou especialidades correspondentes, inviables a certa idade.

O procedemento xeral que se implanta facilita que os traballadores se beneficien, en primeiro lugar, dunha mellora das súas condicións de traballo e, en último termo, se iso non é posible, dunha rebaixa da súa idade de xubilación, co beneficio engadido da consideración como cotizado do tempo que corresponda de redución da idade.

En varios países da Unión Europea tamén se considera a posibilidade da xubilación anticipada, por realizar traballos que impliquen penosidade, toxicidade, perigosidade ou insalubridade, e exixirase a acreditación de certos períodos mínimos de desempeño de traballo na actividade de que se trate, para poder obter a redución da idade necesaria para causar a pensión.

Este procedemento aplicarase, en todo caso, a novos colectivos, sectores ou actividades, nas escalas, categorías ou especialidades correspondentes, que actualmente non teñen redución da idade de xubilación, pero non afectará os traballadores que xa a teñan, tales como mineiros, persoal de voo, bombeiros etc., ben que estes colectivos tamén poderán solicitar a modificación dos seus coeficientes redutores, a través do procedemento xeral establecido no real decreto.

O contido deste real decreto non esgota o mandato da disposición adicional vixésimo terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, polo que no futuro se poderán actualizar as correspondentes normas regulamentarias, cando así resulte conveniente á vista da evolución lexislativa e das circunstancias que deron lugar ao establecemento dos correspondentes coeficientes ou ás medidas de adianto da idade de xubilación.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación

Artigo 1. *Ámbito subxectivo de aplicación.*

O disposto neste real decreto aplicarase aos traballadores por conta allea e por conta propia incluídos en calquera dos réximes que integran o sistema da seguridade social, que acrediten estar traballando ou ter traballado nos sectores ou actividades, nas escalas, categorías ou especialidades correspondentes, que se aproben, na correspondente

norma específica, e nas escalas, categorías ou especialidades que resulten afectadas, con suxeición ao procedemento xeral establecido no capítulo III.

Quedan excluídos do disposto neste real decreto aqueles traballadores encadrados nunha actividade que xa teña recoñecida noutra norma a aplicación de coeficientes redutores da idade de xubilación ou, de ser o caso, anticipación desta, sen prexuízo do indicado na disposición adicional primeira.

CAPÍTULO II

Disposicións comúns

Artigo 2. Supostos en que procede o establecemento dos coeficientes redutores ou a anticipación da idade de acceso á xubilación.

O establecemento de coeficientes redutores ou, de ser o caso, a anticipación da idade para acceder á xubilación anticipada a que se refire o primeiro parágrafo do artigo 161. bis.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, levarase a cabo, nos termos e condicións previstos neste real decreto, con respecto a actividades que necesariamente teñen que estar comprendidas en calquera das seguintes:

a) Actividades laborais nas escalas, categorías ou especialidades cuxo exercicio implique o sometemento a un excepcional índice de penosidade, perigosidade, insalubridade ou toxicidade e nas cales se comprobasen uns elevados índices de morbilidade ou mortalidade ou a incidencia de enfermidades profesionais; ademais, teranse en conta a morbilidade e mortalidade por enfermidade e a súa relación directa co traballo, e a incapacidade permanente derivada de enfermidade, nos termos indicados no artigo 115.2.e) da Lei xeral da seguridade social, que se produzan en grao superior á media.

b) Actividades laborais nas escalas, categorías ou especialidades cuxa realización, en función dos requirimentos físicos ou psíquicos exixidos para o seu desempeño, resulten de excepcional penosidade e experimenten un incremento notable do índice de sinistralidade a partir dunha determinada idade, conformado polo índice de accidentes de traballo e/ou o índice de enfermidades profesionais; ademais, teranse en conta a morbilidade e mortalidade por enfermidade e a súa relación directa co traballo, e a incapacidade permanente derivada de enfermidade, nos termos indicados no artigo 115.2.e) da Lei xeral da seguridade social, que se produzan en grao superior á media.

Artigo 3. Redución da idade de xubilación.

1. En relación coas actividades laborais nas escalas, categorías ou especialidades que se indican na alínea a) do artigo anterior, a idade ordinaria exixida en cada caso para o acceso á pensión de xubilación reducirase nun período equivalente ao que resulte de aplicar ao tempo efectivamente traballado o coeficiente redutor que se indique para a escala, categoría ou especialidade de cada sector ou actividade laboral que se especifique na norma correspondente.

Para tal efecto, será requisito indispensable que quede acreditado que os interesados realizaron un tempo de traballo efectivo nas actividades nas escalas, categorías ou especialidades que dean ocasión á aplicación dos correspondentes coeficientes redutores, equivalente ao período mínimo de cotización exixido para acceder á pensión de xubilación sen que, para estes efectos, en ningún caso, este período exixible poida ser superior a quince anos.

2. En relación coas actividades laborais nas escalas, categorías ou especialidades que se indican na alínea b) do artigo anterior, o correspondente real decreto establecerá a idade mínima de acceso á pensión de xubilación respecto de cada actividade laboral específica.

Non obstante, será requisito indispensable que quede acreditado que os interesados realizaron un tempo de traballo efectivo nas actividades nas escalas, categorías ou especialidades correspondentes que dean ocasión á anticipación da idade de xubilación, equivalente ao período mínimo de cotización exixido para acceder á pensión de xubilación sen que, para estes efectos, en ningún caso, este período exixible poida ser superior a quince anos.

3. A aplicación da redución ou a anticipación da idade de xubilación en ningún caso dará ocasión a que o interesado poida acceder á pensión de xubilación cunha idade inferior aos 52 anos.

4. A acreditación do tempo de traballo efectivo nas correspondentes actividades nas escalas, categorías ou especialidades, sinaladas nos números 1 e 2 deste artigo, deducirase da información que consta nas bases de datos corporativas do sistema, a cargo da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, segundo o indicado no segundo parágrafo do artigo 5.

Artigo 4. *Cómputo do tempo traballado.*

Para o cómputo do tempo efectivamente traballado, para os efectos da aplicación do coeficiente ou da anticipación de idade establecidas no artigo anterior, descontaranse todas as faltas ao traballo, salvo as seguintes:

- a) As que fosen causadas por incapacidade temporal derivada de enfermidade común ou profesional, ou de accidente, sexa ou non de traballo.
- b) As que teñan por motivo a suspensión do contrato de traballo por maternidade, paternidade, adopción, acollemento de menores, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural.
- c) Os permisos e licenzas retribuídos, gozados en virtude das correspondentes disposicións normativas ou convencionais.

Artigo 5. *Consideración como cotizado do tempo de redución.*

O período de tempo en que resulte efectivamente reducida a idade de xubilación do traballador, de acordo co establecido nos artigos anteriores, computarase como cotizado para determinar a porcentaxe aplicable á correspondente base reguladora para calcular o importe da pensión de xubilación.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social levará o control dos traballadores incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto, así como dos períodos de tempo que cada un deles permaneza no traballo ou actividade a que se apliquen coeficientes redutores da idade de xubilación.

Artigo 6. *Efectos do coeficiente redutor e da anticipación da idade.*

1. Os efectos sinalados no parágrafo primeiro do artigo anterior serán de aplicación á xubilación dos traballadores cuxas actividades laborais nas escalas, categorías ou especialidades estean ou estivesen comprendidas no artigo 2.a), calquera que sexa o réxime de Seguridade Social en que se cause a pensión.

Cando a xubilación afecte traballadores que se encontren realizando simultaneamente algunha das referidas actividades nas escalas, categorías ou especialidades, e outra ou outras que dean lugar á inclusión noutro réxime de Seguridade Social, os efectos dos coeficientes redutores aplicaranse para o recoñecemento doutra pensión de xubilación correspondente a unha actividade non bonificada neste segundo réxime, exclusivamente no que se refire á redución de idade.

2. O período de tempo en que resulte reducida a idade de xubilación dos traballadores, cuxas actividades laborais nas escalas, categorías ou especialidades estean comprendidas no artigo 2.b), computarase como cotizado para o exclusivo efecto de determinar a porcentaxe aplicable á correspondente base reguladora para calcular o importe da pensión de xubilación, sempre que permanecesen en situación de alta pola

dita actividade na correspondente escala, categoría ou especialidade, ata a data en que se produza o feito causante da pensión de xubilación ou, se é o caso, permanecesen percibindo prestación por desemprego ou prestación por cesamento de actividade, respectivamente, nos dous anos ou nos doce meses inmediatamente anteriores ao momento de causar o dereito.

Así mesmo, manterán o dereito a estes mesmos beneficios os que, despois de alcanzar a idade de acceso á xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no artigo 3.2, cesen na súa actividade penosa, tóxica, perigosa ou insalubre, pero permanezan en alta por razón do desempeño dunha actividade laboral diferente, calquera que sexa o réxime da Seguridade Social en que por razón desta queden encadrados.

Artigo 7. *Acceso á xubilación anticipada.*

1. Aos traballadores que, por teren a condición de mutualistas en calquera mutualidade de traballadores por conta allea no día 1 de xaneiro de 1967, ou noutra data anterior, teñan dereito, de acordo co establecido na disposición transitoria terceira.1.2.^a da Lei xeral da seguridade social, a causar a pensión de xubilación a partir dos 60 anos, seranlles de aplicación os coeficientes establecidos na norma que se aprobe, para os efectos de determinar o coeficiente redutor da contía da pensión de xubilación que corresponda en cada caso, e terase en conta, para todos os demais efectos, a idade real do traballador.

As referencias contidas ao 1 de xaneiro de 1967, así como á idade dos 60 anos, entenderanse realizadas á data e á idade que se determinen nas súas respectivas normas reguladoras, respecto dos réximes ou colectivos que consideren outra data ou idade distinta, de cara á posibilidade de anticipar a idade de xubilación.

2. Igual regra será de aplicación aos traballadores que se acollan á xubilación parcial ou se xubilen anticipadamente, de acordo co previsto no artigo 161.bis 2 da Lei xeral da seguridade social.

Artigo 8. *Cotización adicional.*

De acordo co establecido na disposición adicional cuadraxésimo quinta da Lei xeral da seguridade social, e coa finalidade de manter o equilibrio financeiro do sistema, a aplicación dos beneficios establecidos neste real decreto levará consigo un incremento na cotización á Seguridade Social, que se efectuará en relación co colectivo, sector ou actividade que se delimite na norma correspondente, nos termos e condicións que, así mesmo, se establezan.

Este incremento consistirá en aplicar un tipo de cotización adicional sobre a base de cotización por continxencias comúns, tanto a cargo da empresa como do traballador, ou sobre a base de cotización única, se é o caso.

Artigo 9. *Modificación dos coeficientes redutores ou da idade mínima de acceso.*

Cando nun determinado colectivo, sector ou actividade profesional, como consecuencia dos avances científicos, da aplicación de novas tecnoloxías ou por calquera outro motivo, desaparezan as causas ou diminúan os efectos nas condicións de traballo que deron lugar á aprobación e aplicación dos coeficientes redutores ou á anticipación da idade de xubilación, poderanse minorar ou eliminar tales coeficientes, ou modificar a idade mínima establecida anteriormente, con suxeición ao procedemento xeral previsto no capítulo III e logo das comprobacións e estudos pertinentes, mediante real decreto, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración.

En todo caso, a modificación ou eliminación dos coeficientes, ou do límite de idade, non afectará a situación dos traballadores que, con anterioridade á modificación, tivesen desenvolvido a súa actividade e polos períodos de exercicio daquela.

Este procedemento tamén será aplicable cando, debido á aplicación de determinadas tecnoloxías, ou por calquera outro motivo, aparezan circunstancias que produzan efectos negativos nas condicións de traballo que deron lugar á aprobación e aplicación dos coeficientes redutores ou á anticipación da idade de xubilación, caso en que se poderán incrementar tales coeficientes ou modificar a idade mínima establecida anteriormente.

CAPÍTULO III

Procedemento xeral

Artigo 10. *Iniciación do procedemento.*

O procedemento xeral de cara ao establecemento de coeficientes redutores para rebaixar a idade de xubilación, ou ao establecemento dunha idade mínima de acceso á pensión, nos supostos a que se refire este real decreto, poderá ser iniciado:

a) De oficio, pola Secretaría de Estado da Seguridade Social, a través da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, por iniciativa propia, ou como consecuencia de petición razoada non vinculante das entidades xestoras ou colaboradoras, da Secretaría de Estado de Emprego, unha vez que esta oíse a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, ou de petición ben da Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social, ben do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.

b) Por instancia dos empresarios e traballadores por conta allea, a través das organizacións empresariais e sindicais máis representativas a nivel estatal, mediante petición razoada non vinculante e en relación con algunha das actividades nas escalas, categorías ou especialidades a que se refire o artigo 2.

Por instancia dos traballadores por conta propia, a través das asociacións representativas dos traballadores autónomos e das organizacións sindicais máis representativas no ámbito estatal, de acordo co establecido no artigo 21.5 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

As empresas ou os traballadores por conta allea ou por conta propia, considerados individualmente, non estarán lexitimados para instar o inicio das actuacións.

As solicitudes deberanse dirixir á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social e presentaranse conforme o establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 6.1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 11. *Procedemento previo.*

1. A Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social comunicarlle á Secretaría de Estado de Emprego as peticións ou solicitudes a que se refire o artigo anterior, co fin de que esta leve a cabo as actuacións previstas nos puntos seguintes.

2. A Secretaría de Estado de Emprego, en colaboración coa Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, a través do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, coa participación da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, de acordo coas funcións atribuídas a un e outra, respectivamente, nos artigos 8 e 13 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, así como do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, en función das respectivas competencias, levará a cabo un estudo preceptivo, no cal se analizarán as características indicadas no artigo 2, e pronunciarase expresamente sobre cada un dos seguintes aspectos:

Sinistralidade no sector, distinguindo entre índice de accidentes de traballo e índice de enfermidades profesionais.

Morbilidade e mortalidade por enfermidade e a súa relación directa co traballo, e a incapacidade permanente derivada de enfermidade nos termos indicados no artigo 115.2.e) da Lei xeral da seguridade social, que se produzan en grao superior á media.

Condições de traballo, nas cales se terá en conta para estes efectos a perigosidade, insalubridade e toxicidade, as quendas, o traballo nocturno e o sometemento a ritmos de produción. Relación coa idade do traballador e co tempo de exposición ao risco.

Requirimentos físicos e/ou psíquicos exixidos para o desenvolvemento da actividade.

Idade aproximada a partir da cal non é aconsellable o ingreso no sector ou colectivo, ou desde a cal non se pode razoablemente desenvolver a actividade.

O dito estudo conterá, así mesmo, as posibilidades de modificación das condicións de traballo no sector ou actividade, con base no informe emitido para o efecto pola Inspección de Traballo e Seguridade Social.

De igual xeito, terase en conta tamén a variable de xénero.

3. A Secretaría de Estado de Emprego poderá solicitar a emisión doutros informes ou estudos complementarios, tanto aos organismos indicados como a outras administracións públicas, cando o considere conveniente, antes de formalizar a súa proposta definitiva.

4. A Secretaría de Estado de Emprego, así mesmo, porá en coñecemento das organizacións sindicais e empresariais máis representativas no ámbito estatal e daqueles que instasen a iniciación do procedemento, os resultados de todos os estudos e informes levados a cabo, co fin de que formulen cantas alegacións consideren precisas ou acheguen cantos informes técnicos consideren de interese, antes de formalizar a súa proposta definitiva. Para tal efecto, este centro directivo facilitaralles ás organizacións sindicais e empresariais anteriormente citadas, e a aqueles que instasen a iniciación do procedemento, os datos que desen soporte técnico para a realización dos ditos estudos e informes.

5. Cando dos estudos e informes preceptivos se desprenda que existen, no desenvolvemento da actividade laboral ou profesional, condicións de traballo que supoñan excepcional penosidade, toxicidade, perigosidade ou insalubridade, e elevados índices de morbilidade ou mortalidade, pero que é posible evitalos mediante a modificación das condicións de traballo, a Secretaría de Estado de Emprego comunicarllelo ás organizacións empresariais e sindicais máis representativas no ámbito estatal e a aqueles que instasen a iniciación do procedemento, para que, conforme a normativa vixente, se proceda a realizar a dita modificación dentro do sector ou actividade, con indicación de se o cambio ten carácter temporal ou definitivo. Darase traslado dunha copia da comunicación, para os efectos previstos na lexislación vixente, á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Artigo 12. *Terminación do procedemento.*

1. Finalizado o procedemento previo, cando dos estudos e informes se deduza a necesidade de aplicar coeficientes redutores ou de anticipar a idade de xubilación, debido á imposibilidade de modificación das condicións de traballo, a Secretaría de Estado de Emprego efectuará comunicación en tal sentido á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social.

2. O mencionado centro directivo levará a cabo os estudos e informes que considere necesarios, entre os que deberán constar, de forma expresa, os correspondentes estudos sobre os custos que para o sistema da Seguridade Social tería a aplicación dos coeficientes redutores, ou a aplicación dunha idade mínima de acceso á xubilación, así como unha análise de dereito comparado que poña de manifesto o tratamento da redución de idade no sector ou actividade de que se trata noutras lexislacións de seguridade social, preferentemente no ámbito da Unión Europea.

3. Con base nos estudos e informes realizados e nas conclusións que se deduzan destes, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social poderá iniciar os trámites,

seguindo para o efecto o previsto no artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, para que mediante real decreto, ditado por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, a idade mínima exixida en cada caso poida ser rebaixada, nun determinado sector ou actividade, con indicación das escalas, categorías ou especialidades que resulten afectadas.

Disposición adicional primeira. *Modificación dos coeficientes redutores, ou da idade mínima, dos colectivos non incluídos no real decreto.*

1. Malia o disposto no segundo parágrafo do artigo 1, os colectivos a que se refire este poderán solicitar a modificación dos coeficientes redutores, ou da idade mínima, establecidos na súa normativa específica, a través do procedemento xeral e cos requisitos previstos neste real decreto.

En todo caso, a modificación dos coeficientes redutores ou do límite de idade levará consigo o establecemento de recargas na cotización en proporción á mencionada modificación.

2. Así mesmo, nos supostos en que se produzan modificacións nos procesos produtivos que alteren de forma substancial as condicións de traballo nunha determinada actividade ou sector, na escala, categoría ou especialidade correspondente, respecto dos cales se establecesen coeficientes redutores ou anticipación da idade de xubilación, estes poderán ser obxecto da correspondente modificación, respectando en todo caso a situación dos traballadores que tivesen desenvolvido a actividade concreta con anterioridade á data en que produza efectos a mencionada modificación.

Para tal efecto, os órganos citados no artigo 1, e de forma periódica, levarán a cabo os estudos necesarios para o cumprimento do previsto no parágrafo anterior.

Disposición adicional segunda. *Aprobacións previas.*

1. Cando, conforme o establecido no artigo 12.1, se proceda á elaboración dun real decreto para a redución ou anticipación da idade de xubilación, que afecte traballadores da Administración xeral do Estado, esta norma deberá contar coa autorización previa e expresa do Ministerio de Economía e Facenda.

2. De igual xeito, se o correspondente real decreto afectase a organización administrativa ou o réxime de persoal da Administración xeral do Estado, será necesaria a aprobación previa do departamento ministerial que teña atribuídas tales competencias.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 383/2008, do 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos bombeiros ao servizo das administracións e organismos públicos.*

Engádesse unha nova disposición adicional, a segunda, e a actual disposición adicional única pasa a ser a primeira, ao Real decreto 383/2008, do 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos bombeiros ao servizo das administracións e organismos públicos, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. *Cambio na titularidade do servizo público.*

Os dereitos que deriven do establecido neste real decreto seguiránselles recoñecendo nos seus propios termos aos traballadores que, conforme o disposto no artigo 1, estean comprendidos no seu ámbito de aplicación, aínda que se produza un cambio na titularidade do servizo público que veñan prestando.»

Disposición derradeira terceira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar as disposicións de carácter xeral necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración
VALERIANO GÓMEZ SÁNCHEZ